

**ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA
DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE COLUMNAS,
CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓN S PARA
EXHIBICIÓN DE ANUNCIOS**

**NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO
IMPOÑIBLE**

ARTIGO 1

O Pleno do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, en virtude das facultades que lle confiren os artigos 48, 117 e concordantes da Lei 39/88, do 28 de decembro, e co obxecto de fixa-la estrutura, contía e os demais aspectos necesarios para axiliza-la xestión e recadación da Taxa, pola **UTILIZACIÓN DE COLUMNAS, CARTEIS E OUTRAS INSTALACIÓN S PARA EXHIBICIÓN DE ANUNCIOS**, contido que se recolle neste texto, acorda:

SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 2

Son suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal as persoas ou Entidades que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan nas Tarifas.

RESPONSABLES

ARTIGO 3

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

CONTÍA

ARTIGO 4

A estrutura e contía desta Taxa será a que figura na seguinte

TARIFA

1. A base desta exacción estará constituída pola superficie ocupada polos anuncios e o tempo de utilización dos mesmos:

	€
Por cada metro cadrado ou fracción, ó mes.	1,06

2.

	€
Por megafonía en vehículos, impartindo publicidade, ó día.	6,87

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 5

1. As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas liquidaranse por cada servico solicitado.

2. As persoas ou Entidades interesadas na utilización destes servicos, deberán realiza-la oportuna solicitude, acompañada do correspondente depósito previo.

3. No caso de non prestarse o servico, os interesados poderán solicitar do Concello, a devolución do importe ingresado.

XESTIÓN

ARTIGO 6

As persoas naturais, xurídicas ou Entidades interesadas na autorización dos bens ós que se refiren o presente acordo, deberán presentar solicitude detallada do servico desexado.

DEVENGO

ARTIGO 7

1. O devengo da Taxa regulada nesta Ordenanza, nace ó concederse a autorización dos bens enumerados no título desta Taxa, atendendo á petición formulada polo interesado. Entenderase, a estes efectos, prestado o servicio ó presentarse a solicitude.

2. O pago desta Taxa efectuarase ó retira-la oportuna autorización. Non obstante, o Concello poderá esixir o pago no momento de presentar a solicitude, en calidade de depósito previo.

ENTRADA EN VIGOR

ARTÍGO 8

A presente modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 6 de novembro de 2003 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fechas anteriores modificaciones:

Publicado BOP (establecemento taxa): 17/12/1998
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003